

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

6708 *Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.*

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, naceu co propósito de impulsar a acción da Administración xeral do Estado na vertebración e cohesión do sistema universitario, de afondar nas competencias das comunidades autónomas en materia de ensino superior, de incrementar o grao de autonomía das universidades constitucionalmente recoñecido e consagrado e de establecer as canles necesarias para fortalecer as relacións e as vinculacións recíprocas entre universidade e sociedade.

O obxectivo esencial da citada lei foi, por tanto, a mellora da calidade do sistema universitario no seu conxunto, do cal forman parte como peza insubstituíble as universidades e os centros universitarios.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, regula no seu título I a natureza, creación, recoñecemento e réxime xurídico das universidades públicas e privadas, e establece, para tal efecto, as regras para a súa posta en marcha e funcionamento. Xunto a isto, o título II da citada lei orgánica establece as regras relativas á estrutura das universidades públicas e privadas, con especial atención á estrutura dos centros e departamentos, así como dos institutos universitarios de investigación e dos centros de educación superior adscritos a universidades.

A regulación regulamentaria actualmente vixente en materia de universidades e centros, pola súa parte, data do ano 1991, cando se procedeu, en desenvolvemento da Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, á aprobación do Real decreto 557/1991, do 12 de abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios, modificado polo Real decreto 485/1995, do 7 abril.

Este real decreto estableceu unha serie de normas básicas para a creación e recoñecemento dos ditos centros, tendo en conta as necesidades derivadas da programación xeral do ensino universitario; regulábanse, a través del, os requisitos comúns para a creación ou recoñecemento de universidades, as previsións concretas e específicas dos centros públicos e privados, o seu procedemento de posta en funcionamento, así como a adscrición de centros a universidades públicas e privadas ou o establecemento de centros estranxeiros para impartir ensinanzas de nivel universitario en España, conforme sistemas educativos vixentes noutros países.

Non obstante, o longo tempo transcorrido, así como a aprobación da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e a importante modificación sufrida por ela a través da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, motivada fundamentalmente polos acordos que en materia de política de educación superior se adoptaron no seo da Unión Europea e polo impulso que esta pretende dar á investigación en todos os seus países membros, aconsellan abordar unha revisión profunda do réxime regulamentario de regulación de universidades e centros universitarios, públicos e privados.

As circunstancias xa expostas, por tanto, recomendan abordar a regulación integral dos requisitos básicos de creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios públicos e privados, e o procedemento para a autorización do seu inicio, simplificando e racionalizando as exixencias até agora establecidas na normativa en vigor.

Por outro lado, régúlase a acreditación institucional de centros como alternativa ao modelo de acreditación de títulos vixente na actualidade no noso país que, desde a súa definición en 2007, supuxo a adaptación española ás propostas de avaliación da calidade derivadas do Espazo Europeo de Educación Superior.

O actual modelo de acreditación de ensinanzas definiuse sobre unhas bases moi garantistas para os títulos implantados, nun proceso en tres etapas: verificación ou

acreditación *ex ante*, seguimento dos títulos implantados e renovación da acreditación dos títulos aos seis anos no caso dos graos e os doutoramentos e catro anos para os másters.

Este proceso en tres etapas pon o acento na «seguridade académica» do título autorizado tras a súa verificación e no seguimento da súa implantación para reducir os riscos ao máximo na renovación da implantación.

Trátase, por tanto, dun proceso custoso no seu desenvolvemento por parte das universidades e das axencias, que deben acometer os procedementos de avaliación derivados del. Este feito, unido ao número tan elevado de títulos presentados polas universidades para a súa verificación e implantación, coa autorización previa preceptiva dos gobernos autonómicos para os títulos das universidades públicas, pon de relevo a conveniencia de intentar encontrar fórmulas máis eficientes, alternativas ao modelo vixente e aliñadas coas exixencias do Espazo Europeo de Educación Superior e coa tendencia noutros sistemas de educación superior europeos, que inclúe unha dimensión institucional no proceso de acreditación.

Por isto, modifícase o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, para permitir a aqueles centros que obtivesen a acreditación institucional renovar a acreditación das titulacións oficiais que impartan sen necesidade de se someteren ao procedemento previsto no dito real decreto.

Por outra parte, a existencia de diversos centros universitarios da Defensa adscritos a universidades públicas de distintas comunidades autónomas aconsella dotalos dunha regulación uniforme en materia de persoal docente e en canto ás competencias universitarias.

Na elaboración do presente real decreto emitiu informe o Consello de Universidades e foi sometido a consulta das comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte e do ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de maio de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto a regulación básica dos requisitos de creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios públicos e privados, a adscrición de centros universitarios, a acreditación institucional de todos os centros universitarios, o procedemento para a autorización do inicio das súas actividades en desenvolvemento do establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como a autorización de centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros.

Artigo 2. *Denominacións.*

1. Só se poderán denominar universidades aquelas que sexan creadas ou recoñecidas como tales ao abeiro da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e do presente real decreto.

2. Só poderán ter as denominacións propias dos centros a que se refire o artigo 7 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e dos demais que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais aqueles que sexan creados ou recoñecidos como tales.

3. De acordo co establecido na disposición adicional décimo novena da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, non se poderán utilizar denominacións que polo seu significado poidan inducir a confusión coas universidades e centros a que se refiren os números anteriores.

CAPÍTULO II

Universidades que imparten ensinanzas conducentes a titulacións oficiais do Sistema educativo español

Artigo 3. *Creación e recoñecemento de universidades.*

A creación das universidades públicas e o recoñecemento das universidades privadas levaranse a cabo por lei, logo do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, de acordo co establecido nos artigos 4 e 5 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Para a elaboración do informe da Conferencia Xeral de Política Universitaria, que se pronunciará en termos favorables ou desfavorables á creación ou recoñecemento de universidades, teranse en conta os requisitos establecidos na normativa vixente.

Sección 1.^a Requisitos básicos para a creación e recoñecemento de universidades

Artigo 4. *Requisitos das universidades.*

As universidades, públicas e privadas, deberán dispor de recursos adecuados para prestar o servizo público de educación superior e desenvolver as funcións previstas no artigo 1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. Por recursos adecuados enténdense as exixencias mínimas que toda universidade debe observar para o cumprimento dos seus fins. Estas exixencias mínimas concrétnanse no presente artigo e nos seguintes. Para estes efectos, para a creación dunha universidade pública e o recoñecemento dunha universidade privada, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- a) Dispor dunha oferta académica mínima de titulacións oficiais
- b) Contar cunha programación investigadora adecuada.
- c) Dispor de persoal docente e investigador en número suficiente e coa adecuada cualificación.
- d) Dispor de instalacións, medios e recursos adecuados para o cumprimento das súas funcións.
- e) Contar cunha organización e estrutura adecuada.
- f) Garantir a prestación do servizo, así como o mantemento das súas actividades segundo o regulado polo artigo 9.
- g) Garantir que os seus estatutos, réxime xurídico e normas de organización e funcionamento sexan conformes co establecido na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, na normativa da comunidade autónoma respectiva e neste real decreto.

Artigo 5. *Requisitos básicos dos centros docentes adscritos a universidades.*

1. De conformidade co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a adscrición de centros requirirá a celebración previa dun convenio coa universidade de acordo co previsto nos seus estatutos ou normas de funcionamento e neste real decreto.

2. Os convenios de adscrición serán subscritos polo reitor da universidade e polo representante legal da entidade titular.

3. O convenio de adscrición deberá incluír, como mínimo, a relación de ensinanzas universitarias de carácter oficial que se impartirán no centro adscrito, criterios de admisión das ensinanzas, previsións relativas ao réxime económico que debe rexer as relacións entre o centro adscrito e a universidade, as normas para o nomeamento do director do

centro adscrito e o procedemento para solicitar da universidade a «venia docendi» do seu profesorado.

4. A comunidade autónoma deberá informar da adscrición de centros o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, para efectos da inscrición dos correspondentes centros adscritos no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT). Así mesmo, informará a Conferencia Xeral de Política Universitaria.

5. Os títulos universitarios correspondentes a ensinanzas de carácter oficial impartidas nos centros adscritos a unha universidade serán expedidos polo seu reitor e o profesorado deberá cumprir os requisitos establecidos no artigo 7.3 do presente real decreto.

Artigo 6. *Actividade docente e investigadora.*

1. As universidades deberán contar cunha oferta de ensinanzas conducentes, como mínimo, á obtención dun total de oito títulos de carácter oficial de grao e máster. Esta oferta académica deberá ser coherente dentro de cada rama de coñecemento e na súa globalidade.

Ademais, as universidades deberán promover o desenvolvemento de actividade investigadora.

2. Para a acreditación dos requisitos previstos neste artigo as universidades deberán presentar a seguinte documentación:

a) Un plan de desenvolvemento de titulacións por cada rama de coñecemento que deberá comprender, ao menos, a relación das titulacións, a previsión do número total de prazas universitarias que se pretenden ofertar, curso a curso; o curso académico en que darán comezo as referidas actividades e o calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros, así como os medios con que se conte especificamente para o seu desenvolvemento. Este plan deberá ser avaliado pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca) ou, se for o caso, polo órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se establece a universidade.

Así mesmo, a implantación individual de cada titulación estará supeditada ao procedemento de verificación e acreditación dos plans de estudo previsto no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

b) Unha programación plurianual da actividade investigadora nas áreas científicas que garden relación coas titulacións oficiais que integren a nova universidade, e que deberán conter, entre outras, as estratexias para a incorporación de talento científico, para a adquisición, uso e/ou construción de infraestruturas científico-técnicas, para a participación en proxectos de investigación competitivos de ámbito rexional, nacional e internacional, e para a colaboración co sector produtivo en materia de I+D+i, incluíndo os indicadores que se establecerán na súa avaliación.

Artigo 7. *Persoal docente e investigador.*

1. O persoal docente e investigador das universidades rexerese polo disposto no título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e polas previsións contidas neste artigo.

2. O número total de membros do persoal docente e investigador en cada universidade non poderá ser inferior ao que resulte de aplicar a relación 1/25 respecto ao número total de alumnos matriculados en ensinanzas universitarias de carácter oficial. Esta ratio entenderase referida a persoal docente e investigador computado en réxime de dedicación a tempo completo ou o seu equivalente a tempo parcial.

A ratio poderase modular cando a universidade imparta ensinanzas na modalidade non presencial, e poderá oscilar entre 1/50 e 1/100 en función do nivel de experimentalidade das titulacións e da maior ou menor semipresencialidade.

3. O persoal das universidades dedicado a actividades docentes e investigadororas estará composto, como mínimo, por:

- a) Un cincuenta por cento de doutores para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título de grao.
- b) Un setenta por cento de doutores para o conxunto de ensinanzas correspondentes á obtención dun título de máster.
- c) A totalidade do profesorado da universidade encargado da impartición das ensinanzas de doutoramento deberá estar en posesión do título de doutor.

Para estes efectos, o número total de profesores computarase sobre o equivalente en dedicación a tempo completo. Así mesmo, de acordo co previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, no ámbito de ciencias da saúde, o número de prazas de profesores asociados que se determine nos concertos entre as universidades e as institucións sanitarias non será tomado en consideración para os efectos das porcentaxe sinaladas neste artigo.

O profesorado que non teña o título de doutor deberá estar en posesión, ao menos, do título de licenciado, arquitecto, enxeñeiro, graduado ou equivalente, excepto cando a actividade docente que vai realizar corresponda a áreas de coñecemento para as cales o Consello de Universidades determinase, con carácter xeral, a suficiencia do título de diplomado, arquitecto técnico ou enxeñeiro técnico. Neste suposto, e para a actividade docente nas ditas áreas específicas, será suficiente que o profesorado estea en posesión dalgún destes últimos títulos.

4. As universidades garantirán que, ao menos o sesenta por cento do total do seu profesorado exerza as súas funcións en réxime de dedicación a tempo completo.

5. En canto á compatibilidade do profesorado das universidades públicas e das universidades privadas, aplicarase o previsto no artigo 72 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

6. Para acreditar os requisitos previstos neste artigo, as universidades deberán achegar o cadro do persoal docente e investigador ao comezo da actividade, así como a previsión do seu incremento anual até a implantación total das correspondentes ensinanzas.

Artigo 8. *Instalacións.*

1. As universidades deben contar, como mínimo, coas infraestruturas e medios materiais adecuados e suficientes para o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadororas, en atención ao tipo de ensinanzas e ao número de alumnos matriculados, que reúnan as condicións funcionais apropiadas e permitan o exercicio de actividades tanto docentes como de investigación. En todo caso, deberán contar:

- a) Con espazos docentes e investigadores. O seu número e superficie virá determinado polo número de alumnos que se prevexa que van utilizalos simultaneamente. O anexo I recolle módulos mínimos para a valoración da adecuación das instalacións.
- b) Co Centro de Recursos para a Aprendizaxe e a Investigación (CRAI). O edificio ou os correspondentes servizos físicos ou virtuais destinados a este fin, que incluírán os servizos de biblioteca universitaria, deberán permitir, no seu conxunto, a utilización simultánea por, ao menos, un dez por cento do número total de alumnos matriculados.
- c) Con equipamento informático: aulas e servizos xerais que garantan unha conectividade adecuada á rede mediante a creación de espazo wifi e un número adecuado de ordenadores para os estudantes, así como acceso, vía servizos web, aos requisitos docentes e científicos institucionais para a comunidade universitaria.

2. No caso das ensinanzas no ámbito das ciencias da saúde, establécense no anexo II exixencias especiais.

3. En todo caso, as instalacións universitarias deberán reunir as condicións de prevención de riscos laborais, e os requirimentos acústicos e de habitabilidade que exixa

a lexislación vixente. Así mesmo, deberán dispor dunhas condicións arquitectónicas que, de acordo co disposto na normativa aplicable, posibiliten o acceso e mobilidade de persoas con discapacidade.

Artigo 9. *Garantía de actividade.*

As universidades deberán garantir o mantemento das súas actividades durante o tempo necesario para a consecución dos obxectivos académicos e investigadores establecidos na súa programación. Para estes efectos, para a creación de universidades públicas ou o recoñecemento de universidades privadas, e a súa posterior autorización, deberase achegar:

a) As universidades privadas deberán achegar as garantías que aseguren o seu financiamento económico, que serán proporcionais ao número de títulos ofertados e de alumnos matriculados e calcularanse en función da oferta docente, así como un plan de viabilidade e peche para o caso de que a súa actividade resulte inviable.

b) O compromiso de manter en funcionamento a universidade e cada un dos seus centros durante un período mínimo que permita finalizar os seus estudos aos alumnos que, cun aproveitamento académico suficiente, os iniciasen nela. As universidades deberán prever, polo tanto, os mecanismos que garantan a finalización dos estudos destes alumnos, tanto no caso de extinción dalgunha das titulacións impartidas, ben por decisión da propia universidade ben por non renovación da acreditación do título.

Artigo 10. *Organización e funcionamento.*

1. Os estatutos ou, no caso das universidades privadas, as normas de organización e funcionamento polas que se debe rexer a actividade e autonomía da universidade deben ser conformes cos principios constitucionais e respectar e garantir, de forma plena e efectiva, o principio de liberdade académica que se manifesta nas liberdades de cátedra, de investigación e de estudo.

Os estatutos e as normas de organización e funcionamento deberán recoller as previsións contidas na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e demais normativa en materia universitaria e, como mínimo:

- a) Natureza, funcións e competencia da universidade.
- b) Réxime xurídico, de persoal e económico-financeiro.
- c) Estrutura.
- d) Órganos de goberno e representación.
- e) Dereitos e deberes dos estudantes.
- f) Procedemento para a elección ou designación do defensor universitario, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento.
- g) Réxime disciplinario.
- h) Motivos de extinción ou supresión da universidade, entre os que se encontrarán a non presentación ou non aprobación do plan de medidas correctoras a que se refire o artigo 13 do presente real decreto.
- i) Calquera outra disposición que se considere relevante sempre que non sexa contraria á Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, e demais normativa en materia universitaria.

2. As universidades deberán contar coa estrutura necesaria para a organización e desenvolvemento de ensinanza e actividades de investigación programadas.

3. Para efectos de acreditar os requisitos previstos neste artigo no momento de inicio da actividade, as universidades deberán achegar:

- a) A estrutura e normas de organización e funcionamento que deberán rexer até a aprobación definitiva, se for o caso, das ditas normas ou dos seus estatutos.

b) A determinación da localización dos centros da universidade e a súa situación no ámbito territorial da comunidade autónoma correspondente, con memoria xustificativa e especificación dos edificios e instalacións existentes e as proxectadas para o comezo das actividades e até a implantación total das ensinanzas.

Artigo 11. *Implantación de ensinanzas universitarias non presenciais.*

1. A implantación polas universidades e centros universitarios de ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional mediante metodoloxías de modalidade non presencial, exixirá, co fin de garantir a súa calidade, unha serie de características que se aplicarán a cada titulación e ao conxunto da oferta en modalidade non presencial. As características referidas ás titulacións específicas serán fixadas, avaliadas e comprobadas no procedemento, seguimento e renovación da acreditación pola Anaca ou, se for o caso, polo órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza a universidade.

2. A autorización de ensinanzas mediante metodoloxías de modalidade non presencial comprenderá todas as actividades docentes non presenciais e, ademais, as correspondentes a exames, avaliacións, prácticas e actividades docentes presenciais ocasionais. A realización de actividades docentes presenciais continuadas por universidades e centros universitarios autorizados para impartir ensinanzas mediante metodoloxías de modalidade non presencial someterase ao réxime xeral regulado neste real decreto.

Sección 2.^a Autorización de comezo de actividades

Artigo 12. *Inicio de actividades.*

1. O comezo das actividades das universidades será autorizado polo órgano competente da comunidade autónoma, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos para a súa creación ou recoñecemento establecidos neste real decreto, na normativa da comunidade autónoma respectiva e, se for o caso, na súa lei de creación ou recoñecemento.

2. O procedemento de autorización iniciárase por solicitude do interesado e terá unha duración máxima de seis meses. Transcorrido o prazo e no caso que non se ditase a correspondente autorización ou denegación do inicio da actividade, entenderase autorizada por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Sen prexuízo do establecido na sección anterior deste capítulo, para a creación ou recoñecemento de universidades, e a súa posterior autorización, será necesaria a achega, como mínimo, da documentación a que se refire o anexo III do presente real decreto.

Artigo 13. *Supervisión e control.*

1. Corresponde ás administracións educativas a supervisión e o control periódico do cumprimento polas universidades dos requisitos exixidos para a súa creación e recoñecemento. Para isto, as universidades presentarán anualmente ao órgano competente da comunidade autónoma unha memoria comprensiva das súas actividades docentes e investigadoras, realizadas no marco da programación plurianual.

2. Se, con posterioridade ao inicio das súas actividades se aprecia que unha universidade incumpe os requisitos exixidos polo ordenamento xurídico, en especial por este real decreto, e os compromisos adquiridos ao solicitar o seu recoñecemento, o órgano competente da comunidade autónoma requirirá á aquela a regularización da situación, a través da presentación dun plan de medidas correctoras, no prazo máximo de 6 meses desde o día seguinte a aquel en que se realizase o requirimento. En particular, terase en conta a evolución do número de estudantes na dita universidade.

Así mesmo, o órgano competente da comunidade autónoma arbitrará os mecanismos conducentes á supervisión e control periódico mencionado para as universidades do seu ámbito territorial.

3. Transcorrido o prazo sen que a universidade adoptase as medidas ou cumprise os requisitos, logo de audiencia desta, a Administración educativa revogará a autorización de inicio de actividade da universidade. O alcance da revogación poderá afectar a universidade ou limitar os seus efectos a algún dos seus centros.

CAPÍTULO III

Acreditación institucional

Artigo 14. *Acreditación institucional de centros de universidades públicas e privadas.*

1. A universidade solicitará a acreditación institucional dos seus centros á Anaca ou, se for o caso, ao órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se establese a universidade e que se encontren inscritos no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (*European Quality Assurance Register, EQAR*).

A Anaca, ou o órgano de avaliación que corresponda de acordo co anterior, emitirá un informe de avaliación vinculante para o Consello de Universidades, que ditará a resolución de acreditación que se enviará á universidade, á comunidade autónoma e ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para os efectos da inscrición dos centros acreditados no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos.

2. Para obter a acreditación institucional os centros universitarios terán que cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter renovado a acreditación inicial de ao menos a metade dos títulos oficiais de grao e máster que impartan de acordo co procedemento xeral previsto no artigo 27 bis do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

b) Contar coa certificación da implantación do seu sistema de garantía interno de calidade, orientado á mellora continua da formación que se ofrece aos estudantes, de acordo co establecido no número 9 do anexo I do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e conforme os criterios e directrices para o aseguramento da calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (ESG).

3. No caso de que un título, ou máis, se imparta en varios centros da mesma universidade, non se poderá solicitar a acreditación dos centros implicados até que se renove a acreditación do título ou títulos en cuestión conforme o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

4. O certificado de implantación do seu sistema de garantía interno de calidade poderá ser expedido pola Anaca ou polos órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determine e que estean inscritos no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (*European Quality Assurance Register, EQAR*). O proceso que desenvolvan os órganos de avaliación para emitir este certificado deberá seguir o protocolo que, por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, se estableza no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

5. A renovación da acreditación dos centros, ou reacreditación institucional, deberase producir antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data de obtención da primeira resolución de acreditación, ou seguintes, do Consello de Universidades. O procedemento de avaliación da re-acreditación institucional deberá incorporar un informe dun panel de expertos externos e independentes da institución que solicite a acreditación, nomeados pola Anaca, ou polos órganos de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza a universidade e que estean inscritos no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (EQAR). O procedemento que desenvolvan as axencias para levar a cabo a reacreditación institucional de centros deberá seguir o protocolo xeral que,

por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, se estableza no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e que, en todo caso, deberá respectar o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A Anaca e os órganos de avaliación externa das comunidades autónomas facilitaranse mutuamente información relativa ás ditas avaliacións.

6. No caso de que o Consello de Universidades dite unha resolución desestimatoria, a universidade deberá solicitar a renovación da acreditación a todos os seus títulos oficiais de acordo co artigo 27 bis do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, nun prazo non superior a un ano desde a data da resolución.

CAPÍTULO IV

Centros que impartan ensinanzas conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria

Artigo 15. *Autorización de centros que impartan ensinanzas conforme sistemas educativos estranxeiros.*

1. De acordo co establecido no artigo 86 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, a impartición en España de ensinanzas conducentes á obtención de títulos, certificados ou diplomas de educación superior universitaria, conforme sistemas educativos estranxeiros, require autorización do órgano competente da comunidade autónoma.

2. O outorgamento da autorización administrativa producirase nos seguintes supostos:

- a) Que as ensinanzas sexan impartidas por un centro docente integrado ou adscrito a unha universidade creada ou recoñecida de conformidade coa lexislación española.
- b) Que as ensinanzas sexan impartidas por un centro estranxeiro que deberá estar debidamente constituído consonte a lexislación do país conforme a cuxo sistema educativo pretenda impartir ensinanzas.

3. En todo caso, deberanse cumprir os requisitos seguintes:

- a) Os sinalados nos artigos 6.2, con excepción do previsto no segundo parágrafo da letra a), a 13 do presente real decreto.
- b) Que as ensinanzas estranxeiras cuxa impartición se pretende:

1.º Estean efectivamente implantadas na universidade ou institución estranxeira de educación superior que expida o título, certificado ou diploma.

2.º Os seus plans de estudos se correspondan en estrutura, duración, e contidos cos que se imparten na universidade ou institución de educación superior estranxeira matriz. Este aspecto deberse acreditar a través dun certificado do reitor ou remitindo copia do plan de estudos da universidade matriz con referencia a disciplinas, secuencia curricular e carga lectiva.

3.º Conduzan á obtención de títulos, certificados ou diplomas que teñan idéntica validez académica oficial no país de orixe e a mesma denominación que os que expida a universidade ou institución de educación superior estranxeira matriz polos ditos estudos.

4.º Estean sometidas aos procesos de avaliación, acreditación e inspección dos órganos competentes do indicado sistema, se os houber.

Estes requisitos acreditaranse mediante certificación expedida para o efecto pola representación acreditada en España do país conforme a cuxo sistema educativo se deba impartir o ensino.

4. As comunidades autónomas comunicarán ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte as autorizacións conferidas aos centros para efectos da súa inscrición no RUCT.

5. O expediente de autorización requirirá o informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación sobre a súa conveniencia, baseada na existencia de tratados ou convenios internacionais subscritos por España e, no seu defecto, no principio de reciprocidade.

Artigo 16. *Efectos da autorización.*

1. Os centros autorizados terán a denominación que corresponda de acordo coas ensinanzas que impartan e non poderán utilizarse denominacións que, polo seu significado ou por utilizaren un idioma estranxeiro, poidan inducir a confusión sobre a natureza do centro, as ensinanzas que nel se impartan ou a natureza, validez e efectos dos títulos, certificados ou diplomas académicos a que aquelas conducen.

2. As ensinanzas autorizadas estarán sometidas á avaliación da Anaca ou, se for o caso, do órgano de avaliación externa da comunidade autónoma en cuxo territorio se estableza o centro. A Anaca e os órganos de avaliación externa das comunidades autónomas facilitaranse mutuamente información relativa ás ditas avaliacións

Co fin de facilitar a avaliación a que se refire o parágrafo anterior, a Anaca, en colaboración cos órganos de avaliación das comunidades autónomas, elaborará e fará público o correspondente protocolo.

3. Os títulos, certificados ou diplomas a que conduzan as ensinanzas autorizadas terán unicamente os efectos que lles outorgue a lexislación do Estado de orixe, de conformidade co artigo 86.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro. O recoñecemento de efectos en España axustarase ao establecido pola normativa específica reguladora do recoñecemento de estudos e títulos estranxeiros de educación superior.

A universidade e o centro que imparta estas ensinanzas deben informar os estudantes, no momento de efectuar a matrícula, sobre estes aspectos.

4. O incumprimento das obrigacións inherentes á boa práctica docente e investigadora, a incorrecta información sobre as ensinanzas que imparten e sobre os títulos, certificados ou diplomas a cuxa obtención conducen, así como a modificación de calquera dos elementos conforme os cales sexa outorgada a autorización polo órgano competente da comunidade autónoma, poderán motivar a súa revogación.

Disposición adicional primeira. *Adaptación das universidades e centros universitarios aos requisitos previstos neste real decreto.*

1. Todas as universidades, públicas e privadas, e os centros universitarios deberán cumprir cos requisitos persoais, de infraestrutura e medios materiais establecidos no presente real decreto nun prazo máximo de catro anos a partir da súa entrada en vigor.

2. As universidades xa creadas deberán presentar o plan a que se refire o artigo 6.2.a) cando queiran implantar titulacións nunha rama en que non teñen oferta, nas mesmas condicións previstas no mencionado artigo.

Así mesmo, cando así o considere oportuno a Administración educativa competente, deberán presentar, co fin de garantir a súa viabilidade económica e por tanto o mantemento da súa actividade, o plan de medidas correctoras a que se refire o artigo 13 do presente real decreto.

3. Os centros que imparten ensinanzas universitarias conforme sistemas educativos estranxeiros deberán adaptarse ás previsións deste real decreto no prazo máximo de tres anos a partir da súa entrada en vigor.

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional terceira. *Ámbito territorial da Universidade Nacional de Educación a Distancia.*

Todas as referencias que neste real decreto se efectúan ás administracións das comunidades autónomas entenderanse referidas, no caso da Universidade Nacional de Educación Distancia (UNED) ao Ministerio de Educación Cultura e Deporte ou ao competente en materia universitaria, en atención ás súas especiais características e ámbito das súas actividades.

Disposición adicional cuarta. *Universidades da Igrexa Católica.*

1. De conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, as universidades da Igrexa Católica establecidas en España con anterioridade ao Acordo do 3 de xaneiro de 1979, entre o Estado español e a Santa Sé, sobre ensino e asuntos culturais, en virtude do establecido no Convenio entre a Santa Sé e o Estado español, do 10 de maio de 1962, así como no dito acordo, manteñen os seus procedementos especiais en materia de recoñecemento de efectos civís de plans de estudos e títulos, mentres non opten por se transformar en universidades privadas.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, e para os únicos efectos de facer efectivos os ditos procedementos, estas universidades solicitarán ao Consello de Universidades a acreditación institucional dos seus centros que se levará a cabo unha vez que se comprobe que cumpren cos requisitos establecidos polo Goberno con carácter xeral.

3. Para os mesmos efectos, estas universidades deberán adaptarse aos requisitos previstos neste real decreto con carácter xeral e nos mesmos prazos.

Disposición adicional quinta. *Centros universitarios da Defensa.*

Os centros universitarios da Defensa que, de acordo co artigo 51 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, se achen adscritos a algunha universidade pública terán a consideración de centros docentes adscritos para os efectos do artigo 5 deste real decreto.

De conformidade co artigo 73 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, as ensinanzas correspondentes á formación militar xeral e específica e de especialidade fundamental impartiraas profesorado militar, e as ensinanzas de grao universitario e posgrao impartiraas persoal militar e persoal contratado que conte coa capacitación adecuada de conformidade coa Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

O persoal docente e investigador destes centros universitarios deberá cumprir coas previsións establecidas polo presente real decreto, de maneira específica no seu artigo 7, e polo resto de normativa vixente.

Sen prexuízo da titularidade do Ministerio de Defensa sobre estes centros e das competencias daquel en materia de formación militar, todas as referencias que neste real decreto se efectúan ás administracións das comunidades autónomas se entenderán referidas no caso dos centros universitarios da Defensa ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición adicional sexta. *Tratados ou convenios internacionais.*

O disposto neste real decreto, e en particular o previsto no capítulo IV, enténdese sen prexuízo do establecido nos tratados ou convenios internacionais subscritos por España ou, se for o caso, da aplicación do principio de reciprocidade.

Disposición transitoria única. *Requisitos de persoal durante a implantación progresiva das ensinanzas.*

En canto non se implanten na súa totalidade cada un dos estudos universitarios oficiais que vaia desenvolver a universidade, os requisitos de porcentaxe de persoal que establece

o presente real decreto para as universidades e centros universitarios entenderanse referidos á totalidade do persoal que resulte exixible para a impartición do curso ou cursos do correspondente plan de estudos en proceso de implantación.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o Real decreto 557/1991, do 12 abril, sobre creación e recoñecemento de universidades e centros universitarios.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto polo artigo 149.1.1.^a e 30.^a, referido á regulación das normas básicas para o desenvolvemento do artigo 27 da Constitución española, e os seus preceptos teñen carácter básico.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.*

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 3 do artigo 24, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para estes efectos, a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (Anaca) ou os órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determinen e que estean inscritos no Rexistro Europeo de Axencias de Calidade (*European Quality Assurance Register, EQAR*) tras ter superado con éxito unha avaliación externa de acordo cos Criterios e directrices de garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior (*European Standards and Guidelines for Quality Assurance of Higher Education*), establecerán conxuntamente os protocolos de avaliación necesarios para a verificación e acreditación de acordo cos mencionados criterios e directrices e conforme o disposto neste real decreto.»

Dous. Modifícase o artigo 27 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 27 bis. *Procedemento xeral para a renovación da acreditación dos títulos oficiais.*

1. A renovación da acreditación dos títulos universitarios oficiais producirase nos termos e prazos previstos no artigo 24.2, cando estes obteñan a correspondente resolución do Consello de Universidades, logo do informe favorable emitido pola Anaca ou polos órganos de avaliación que a lei das comunidades autónomas determine. Este informe terá o carácter preceptivo e determinante, e interromperá o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento nos termos previstos no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Para tal fin, a universidade efectuará a correspondente solicitude de acordo co procedemento e prazos que as comunidades autónomas establezan para os seus respectivos ámbitos competenciais.

3. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá á Anaca, ou ao correspondente órgano de avaliación a solicitude de informe co fin de comprobar que o plan de estudos se está levando a cabo de acordo co seu proxecto inicial, mediante unha avaliación que debe incluír, en todo caso, unha visita de expertos externos á universidade.

4. O órgano de avaliación correspondente elaborará unha proposta de informe que se expresará, de forma motivada, en termos favorables á renovación da acreditación ou, se for o caso, indicando os aspectos que necesariamente deben

ser modificados co fin de obter un informe favorable. Este informe será enviado pola Anaca ou polo correspondente órgano de avaliación á universidade para que poida presentar alegacións no prazo de 20 días hábiles.

5. Unha vez concluído o prazo e valoradas, se for o caso, as alegacións, a Anaca ou o órgano de avaliación correspondente elaborará o informe de avaliación, que poderá ser favorable ou desfavorable, e remitirao á universidade solicitante, ao Consello de Universidades, ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e á comunidade autónoma ou comunidades autónomas correspondentes.

6. Recibido o informe, o Consello de Universidades ditará no prazo dun mes e, en todo caso, antes de seis meses desde a solicitude da universidade a que se refire o número 2 a correspondente resolución, que comunicará ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, á comunidade ou comunidades autónomas, e á universidade solicitante. A falta de resolución expresa no citado prazo permitirá considerar estimada a solicitude.

7. Contra a resolución a que se refire o número anterior a universidade poderá presentar recurso ante a Presidencia do Consello de Universidades no prazo dun mes, que se substanciará de acordo co procedemento establecido nos números 9 e seguintes do artigo 25.

8. Unha vez ditada a resolución, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte comunicarlalla ao Rexistro de Universidades, Centros e Títulos e, no caso de ser estimatoria, procederá á inscrición da correspondente renovación da acreditación a que se refire o número 1. En caso de ser desestimatoria, o título causará baixa no mencionado rexistro e perderá o seu carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Neste último suposto, a correspondente resolución declarará extinguido o plan de estudos e deberá considerar as adecuadas medidas que garantan os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando estes estudos.

9. A Conferencia Xeral de Política Universitaria aprobará os criterios de coordinación, cooperación e recoñecemento mutuo para a participación no procedemento a que se refire este artigo.»

Tres. Engádesse un novo artigo 27 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 27 ter. *Procedemento especial para a renovación da acreditación dos títulos oficiais.*

1. As universidades cuxos centros obtivesen a acreditación institucional poderán, mentres manteña os seus efectos, renovar a acreditación das titulacións oficiais que impartan sen necesidade de se someteren ao procedemento previsto no artigo anterior.

2. Todas as titulacións oficiais da universidade correspondentes ao centro acreditado incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos a correspondente á resolución de acreditación institucional do Consello de Universidades.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias.*

Modifícase a base quinta do artigo 4 do Real decreto 1558/1986, do 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as universidades e as institucións sanitarias, que queda redactada nos seguintes termos:

«Quinta. Utilizarase a denominación «hospital universitario» cando o concerto se refira ao hospital no seu conxunto ou que abarque a maioría dos seus servizos e/ou unidades asistenciais, no caso de que só se concerten algúns servizos, falarase de «hospital asociado á universidade». O mesmo se aplicará aos centros de atención primaria.

Un hospital universitario só poderá estar vinculado por concerto ou convenio a unha universidade para a impartición dunha mesma titulación. Excepcionalmente, coa finalidade exclusiva da realización de prácticas e con base en convenios específicos, poderá haber estudantes doutras universidades, logo de consulta por escrito á universidade vinculada.»

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións requira a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de maio de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

ANEXO I

Módulos mínimos dos espazos docentes e investigadores

O seu número e superficie virá determinado polo número de alumnos que se prevexa que os van utilizar simultaneamente, de acordo cos seguintes módulos:

a) Aulas:

Até corenta alumnos: 1 metro cincuenta centímetros cadrados por alumno.

De corenta alumnos en diante: 1 metro e vinte e cinco centímetros cadrados por alumno.

b) Laboratorios docentes: cinco metros cadrados por alumno asignado a un grupo de docencia. Este módulo poderá ser obxecto de adaptación en función das necesidades de docencia práctica que correspondan ás ensinanzas oficiais que impartan. Neste espazo deberase reservar unha zona ou mobiliario de custodia do vestiario e da roupa protectora de laboratorio.

Estes laboratorios deberán ser espazos independentes das aulas e salas de titorías.

c) Laboratorios de investigación: entre 10 e 15 metros cadrados por profesor ou investigador. Estes laboratorios deberán estar separados do paso de alumnos e non se deben compartir para labores docentes.

Os espazos para a docencia e investigación deberán ter a necesaria flexibilidade espacial e de mobiliario para se adecuaren ás diferentes modalidades de ensino-aprendizaxe.

Os despachos de profesores estarán dotados de equipamentos informáticos e de comunicacións adecuados.

ANEXO II

Exixencias especiais para as ensinanzas no ámbito das ciencias da saúde

a) Nas ensinanzas de Medicina, Enfermaría e Fisioterapia deberase garantir:

1.º As universidades deberán contar, ao menos, cun hospital e tres centros de atención primaria (de titularidade pública ou privada) con base nun concerto no caso das universidades públicas ou nun convenio no das universidades privadas).

2.º As institucións sanitarias terán que reunir os requisitos (dotación de medios persoais e materiais) que se establezan de forma conxunta entre os ministerios con competencias en materia de sanidade e de universidades.

3.º O concerto ou convenio sinalará os servizos das institucións sanitarias que se concerten e os departamentos ou unidades universitarias que con eles se relacionan.

4.º Utilizarase a denominación «hospital universitario» cando o concerto se refira ao hospital no seu conxunto ou abarque a maioría dos seus servizos e/ou unidades asistenciais, no caso de que só se concerten algúns servizos, falarase de «hospital asociado á universidade». O mesmo se aplicará aos centros de atención primaria.

b) Para as ensinanzas en Odontoloxía, Veterinaria, Farmacia, e outras ensinanzas no ámbito da saúde que requiran elementos asistenciais, deberase garantir a dispoñibilidade dos medios clínicos necesarios, sexan da propia universidade (clínicas universitarias de odontoloxía, podoloxía, psicoloxía, hospitais clínicos veterinarios, etc.), sexa mediante convenios con institucións públicas ou privadas que teñan estes servizos asistenciais acreditados pola Administración que competa.

ANEXO III

Documentación xustificativa para o expediente de creación/recoñecemento de universidades e a súa posterior autorización

- a) Memoria en que consten os seus obxectivos académicos e a programación de actividades docentes e investigadoras que garantan o cumprimento das funcións da universidade establecidas no artigo 1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.
- b) Documentación xustificativa da garantía de actividade a que se refire o artigo 9 do presente real decreto.
- c) A documentación que acredite os requisitos de organización e funcionamento previstos no artigo 10 do presente real decreto.
- d) Xustificación do cadro do persoal docente e investigador ao comezo da actividade, nos termos previstos no artigo 7.6 do presente real decreto.
- e) Xustificación do cadro de persoal de administración e servizos ao comezo da actividade, así como a previsión do seu incremento anual até a implantación total das correspondentes ensinanzas.
- f) Xustificación das ensinanzas que se impartirán e o número de centros con que contará a nova universidade ao inicio das actividades, así como a previsión do número total de prazas universitarias que se pretenden cubrir, curso a curso, até alcanzar o pleno rendemento, curso académico en que darán comezo as referidas actividades, e calendario para a implantación completa das ensinanzas e a posta en funcionamento dos correspondentes centros.
- g) Xustificación dos obxectivos e programas de investigación das áreas científicas que garden relación coas titulacións oficiais que integren a nova universidade, así como das estruturas específicas que aseguren tales obxectivos.
- h) Xustificación do cumprimento das infraestruturas e medios materiais adecuados e suficientes para o desenvolvemento das súas funcións docentes e investigadoras.

As universidades privadas deberán acreditar que teñen personalidade xurídica propia, de conformidade co disposto no artigo 2.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.